

Elas fano en galego



Paula Chaves (PAULIÑA) (Cambados)

Pauliña é unha **compositora e cantante** galega que comezou no seu Cambados natal a tocar a guitarra en bares e de aí marchou a Inglaterra , para volver a Compostela e empezar a ser coñecida no panorama da música galega. Compartiu escenario con Nao e logo coa banda Ruxe Ruxe. Hoxe é a líder e cantante da **banda Pauliña**.

No 1º disco, *De-xeneración* (2018) fala da violencia de xénero, da denuncia social e mesmo do narcotráfico. No 2º, *Malfalada* (2020) xa se acompañou da actual banda e volve ser unha temática moi reivindicativa, onde mestura diversos estilos musicais: rock, blues, country...

Información tirada de <https://www.gzmusic.com/cartafol/exemplo-categoria/paulina.html> e de <https://descubreas.com/gl/profesional/paulina-2/>



[Compositora e cantante]